

29/05/2018

AMPLÍASE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS Ó PREMIO LITERARIO - NORTEAR

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto coa Dirección Rexional de Cultura do Norte de Portugal e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal asinaron un memorando de entendemento para establecer acción conxuntas de colaboración a nivel cultural.

No marco deste memorando desenvólvese o Programa NorteAr que, entre outras actuacións, contempla a IV edición dun premio literario para novos escritores de Galicia e da Rexión Norte de Portugal, con idades comprendidas entre os 16 e 36 anos, que versará sobre o xénero de relato curto cunha dotación económica de 2.000€ máis a publicación e divulgación da obra cun mínimo de 500 exemplares.

Serán admitidas a concurso todas as obras presentadas, de acordo ao disposto na convocatoria, que teñan data de entrada no enderezo citado a continuación ata o 29 de xuño de 2018 (inclusive).

Agrupación Europea de cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal

Edificio CETMAR,

Rúa Eduardo Cabello, s/n

36208 BOUZAS - VIGO

arodrigues@gnpaect.eu



Anuncio

DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Bases